



CAMPO DE VOLUNTARIADO "ANCARES"

(NAVIA DE SUARNA-LUGO)

DATAS	EDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
10-21/08/2025	18-30	Estatál	Arqueoloxía e medioambiente	15

LOCALIZACIÓN

Navia de Suarna é un concello situado na provincia de Lugo, ubicado na área montañosa de Galicia oriental, na zona septentrional da comarca dos Ancares lucenses.

As montañas dos Ancares están situadas na periferia de Europa e da Península Ibérica, unha zona cunha grande diversidade de flora e fauna polo que foi declarada Reserva da Biosfera pola Unesco e forma parte da Rede natura 2000.

E un territorio conformado por aldeas en lugares de difícil acceso e moi dispersas entre si con poucas condicións favorables para o desenvolvemento da agricultura e gandería, o que favorece a despoboación deste territorio

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O campo ten por obxectivo o desenvolvemento de varias accións de voluntariado na aldea de Vilela: Coñecer as excavacións arqueolóxicas no Castro do Teso da Ermida.

Os traballos estarán encaminados á conservación e mellora dos accesos ao castro e colaborar co equipo de arqueoloxía nas intervencións do xacimento.



- Limpeza, conservación e rehabilitación de pequenos muros de contención dos camiños de acceso ao castro.
- Recollida de restos de podas para a prevención de incendios.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Xogo urbano para coñecer Navia de Suarna interactuando cos veciños.
- Cine fórum da película "O que arde"
- Xinkana de Vilela polos escenario do película "O que arde"
- Visita guiada ao Piornedo visitando a Palloza-Museo "Casa do Sesto"



- Visita ao castro de Viladonga e ao seu museo
- Visita á cidade de Lugo para coñecer a súa muralla, a Domus Mitreo, a Casa dos Mosaicos e o Museo Provincial
- Visita á aldea Pan do Zarco
- Ruta a Retorta: para coñecer os ríos e vals dos Ancares
- Obradoiro de cestería

COMO CHEGAR:

Desde Santiago de Compostela ata Becerreá en autobús (vía Lugo)- www.monbus.es e dende A Coruña con www.arriva.gal

Lugo conta con estación de ferrocarril (www.renfe.es)

As compañías de autobuses que operan a Becerreá dende Lugo son www.alsa.es y www.gonzalezdelariva.es.



ALOXAMENTO

O aloxamento e a manutención do campo de voluntariado será na Casa Quindós <https://casaquindos.org/>

INCORPORACIÓN

O primeiro día de campo, a partir das 16h no lugar do aloxamento. Alternativamente establécese un punto de encontro na estación de autobús de Becerreá.

O campo darase por concluído o último día despois do almorzo.

CUOTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inlue a cuota?

Esta cuota de participación inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades tanto propias do campo como de lecer e o seguro de accidentes e responsabilidade civil.



Non inclúe os gastos ocasionados polo vaxe (ida e volta) hasta o punto de quedada.

DEVOLUCIÓN DE LA CUOTA

Circunstancias que dan dereito á devolución de cuota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa participante e lle impida incorporarse ao campo, que deberá acreditarse con informes médicos e/o do hospital no que estea ingresada.



c) Fallecemento ou enfermidade grave dun familiar hasta o 2º grado. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/o do hospital donde estea ingruno seu caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non haxa transcurrido máis do 50% dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de dormir, esterilla e mochila pequena para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte, de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío) e unha gorra

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cubre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que de eles se poidan derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es. Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, lecer tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

